

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 21 de outubro de 2024, aprobou o seguinte ACORDO:

4.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.

4.1.- Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2024.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de xuño de 2024 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2024", e as "Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2024"; publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 112, do 11 de xuño de 2024.

Posteriormente publicouse no Bop da provincia de A Coruña nº 122, de 26 de xuño de 2024, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, e rematou o prazo de presentación de solicitudes o 16 de xullo de 2024.

A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2716/2024 do 24 de setembro, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 25 de setembro de 2024, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de resolución provisional.

Consta no expediente o informe do técnico de deportes.

Vista a acta da xuntanza e a proposta de resolución provisional, a Alcaldía resolveu por decreto 2741/2024 de data 26/09/2024, entre outras, conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2024, e conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Transcorrido o prazo non se reciben alegacións.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Deportes e Participación Cidadá de 16/10/2024, no expte. 2024/A002/000012, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (6), acorda:

Primeiro.- Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2024 ás entidades que se relaciona no Anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 4.231,00 €. Tal e como establecen as bases a resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

Segundo.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó Concello de Carballo, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

Terceiro.- Ordear a publicación deste acordo no taboleiro de anuncios do concello de Carballo.

Cuarto.- No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Anexo 1.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2024.

Subvencións concedidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2024.							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe subvención	Coef. Fin.	Orzamento Subvencionado a Xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España Atletismo, Natación, Triatlón 2024.	69,29	1.500,00 €	50,00 %	3.000,00 €
2	Asociación Deportiva Xiria	G15113376	Fase Ascenso a Primeira Nacional Masculina	55,00	1.500,00 €	66,78 %	2.246,20 €
3	Club Taekwon-Do ITF Carballo	G42885586	Campionato de España Prejunior, Junior e Sénior ITF de Cintos Negros	47,86	231,00 €	69,79 %	331,00 €
4	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	XXXVI Campeonato de España Absoluto de Verano	60,00	1.000,00 €	42,74 %	2.340,00 €
Total					4.231,00 €		